



BOP

SÁBADO, 6 DE MAYO DE 2017

Nº 103

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

AUGAS DE GALICIA – SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

O Servizo de Infraestruturas Agrarias solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.55718

Autorización para a execución de obras (tres canles de drenaxe situadas nas parroquias de Lagoa, San Pedro de Mor e Carballido) en relación co proxecto da “2ª fase da rede de camiños secundarios, entradas a fincas e outras obras inherentes á zona de concentración parcelaria Val de Alfoz”, na zona de policía do río Ouro e na zona de policía do rego de Adelán, nas parroquias de San Pedro de Mor, Carballido e Lagoa, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 20 de abril de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 1210

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA – CENTRO DE ARTESANÍA E DISEÑO

Anuncio

Bases convocatoria do programa “PROMOCIÓN DA ARTESANÍA”, ano 2017 de solicitudes de cursos e demostracións por parte de concellos e asociacións sen ánimo de lucro, e modelos de solicitude, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo na súa sesión do día 5 de maio de 2017.

BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA ANUALIDADE 2017

A Área de Cultura, Turismo, Patrimonio Histórico e Artesanía e Deseño a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba o amplo concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo, a través do Centro de Artesanía e Deseño, impulsa así o programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA ano 2017, na liña de promover o achegamento da poboación en xeral a actividades relacionadas coa artesanía dentro das súas múltiples perspectivas, dirixido a asociacións sen ánimo de lucro e concellos, e así mesmo artesáns e artesás, que poderán solicitar acollérense a este programa.

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento de participación de concellos, e entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, e así mesmo da participación de artesáns e artesás da provincia de

Lugo, para se acolleren ao programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA, ano 2017 do Centrad da Área de Cultura da Deputación de Lugo, de cursos e demostracións no campo da artesanía.

*Demostración: no ámbito desta convocatoria, entenderase por demostración aquela actividade ou acción a desenvolver en feiras, festas e outros eventos públicos expresamente relacionados e vinculados coa promoción e/ou difusión da artesanía e/ou promoción económica, e destinada a promover a percepción por parte do público en xeral dun determinado labor artesanal, dos materiais utilizados e de calquera outro elemento vinculado a esa disciplina.

Quedan expresamente excluídas da anterior consideración as festas patronais.

En calquera caso, a Área de Cultura e Turismo a través do Centrad poderá requirir do solicitante a documentación e/ou declaracións que considere precisas que permitan valorar e determinar a relación do evento/feira ou festa coa promoción e/ou difusión da artesanía e/ou promoción económica, de acordo coas circunstancias indicadas anteriormente.

Ao tratarse de actividades de natureza artesanal e artística, organizados por promotores alleos á Deputación de Lugo, considérase que non resultaría o máis conveniente establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a selección dos beneficiarios, ante a dificultade que podería ofrecer á hora de tratar de obxectivar os criterios de selección. Por tal motivo, e aplicando analoxicamente o disposto no artigo 22.2 c) da Lei xeral de subvencións, establécese un procedemento de concorrencia pública, pero de carácter non competitivo, no que se seleccionarán aos beneficiarios do programa atendendo á orde de presentación no rexistro ata esgotar o orzamento asignado

2. BENEFICIARIOS E PARTICIPANTES

2.1 BENEFICIARIOS

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos como ás entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción e a difusión da cultura galega.

A Área de Cultura e Turismo, a través do Centrad, asumirá unicamente o pagamento dos custos derivados do artesán/artesá que desenvolva o curso ou demostración. Calquera outro gasto derivado do deseño, execución e desenvolvemento do curso ou demostración será por conta da entidade ou concello solicitante.

Quedan excluídos deste programa as administracións locais de concellos maiores de 20.000 habitantes.

Os cursos e demostracións deberán estar abertos a toda a poboación e ser de carácter gratuito.

Quedan así mesmo excluídos deste programa, aquelas asociacións de carácter relixioso, político, militar, e en xeral, que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción da acción para a poboación xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións e colectivos abertos a poboación en xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto).

Así mesmo e de acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, quedan excluídas do programa aquelas actividades e accións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

2.2 ARTESÁNS/ÁS PARTICIPANTES

Así mesmo, o Programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017 está destinado á participación (previa solicitude de inclusión dentro da listaxe de artesáns/artesás participantes) dos artesáns e artesás das distintas disciplinas incluídas na presente convocatoria e que estean en posesión da respectiva carta

de artesán/artesá para a respectiva disciplina, empadroados no ano 2017 nalgún dos concellos da provincia de Lugo e que cumpran cos requisitos establecidos na presente convocatoria.

3.- DISCIPLINAS

En base aos datos fornecidos no desenvolvemento de cursos e demostracións dentro da planificación anual da actividade do Centrad, e para os efectos da execución e desenvolvemento do presente programa establécese as seguintes tipoloxías de cursos e demostracións en base á relación de actividades artesanais incluídas na ORDE do 2 de xuño de 2014 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro).

DISCIPLINAS

TRAXE TRADICIONAL POPULAR: CORTE E CONFECCIÓN RELACIONADO CO TRAXE TRADICIONAL

COIRO

ENCAIXE DE PALILLOS

CESTARIA * necesario unha aula con auga

CESTARÍA: CESTARÍA DE RECICLAXE

FOTOGRAFIA (proceso non automatizado)

INSTRUMENTOS MUSICAIS

TALLA DE MADEIRA

TORNARÍA: TORNEADO EN MADEIRA * Imprescindible un torno

TECIDOS: TEAR DE ALTO LIZO * Imprescindible ter tear alto lizo

TECIDOS: TEAR DE BAIXO LIZO

OLARIA TRADICIONAL *Imprescindible forno e auga

CANTARÍA

ENCADERNACIÓN

PINTURAS E REVESTIMENTOS DECORATIVOS

PAPEL: PAPEL ARTESANAL

ESCENOGRAFÍA: ESCENOGRAFÍAS E ATREZOS EN POREXPÁN, CARTÓN PEDRA REFUGALLOS

XOGUETES: MONICREQUES

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DE CADA CURSO**TRAXE TRADICIONAL: CORTE E CONFECCIÓN RELACIONADO CO TRAXE TRADICIONAL**

- a) Aprendizaxe e reprodución de patróns
- b) Levar o patrón á tea, ganduxar e preparalo para a súa posterior confección
- c) Confección da peza elixida

COIRO

- a) Diferentes tipos de coiro e as súas propiedades
- b) Coñecemento das ferramentas básicas para traballar o coiro
- c) Patronaxe como base da creación dunha peza, (exercicios prácticos)
- d) Como se corta o coiro

ENCAIXE DE PALILLOS

- a) Confección dunha almofada para preparación do encaixe de palillos
- b) Encher palillos
- c) Preparar picado
- d) Parte teórica e explicativa do traballo

CESTARÍA * necesario unha aula con auga

- a) Coñecemento de fibras de orixe vexetal (vimbia, xunco, papiro?) e de orixe animal ou cabelo humano
- b) Coñecemento das ferramentas básicas
- c) Elaboración de diferentes pezas a elección do docente de varias formas e tamaños

CESTARÍA: CESTARÍA DE RECICLAXE

- a) Elaboración de pezas empregando técnicas tradicionais de cestería con materiais de reciclaxe como papel, cartón, teas

FOTOGRAFÍA (proceso non automatizado)

* o alumno, de ser o caso, achegará cámara de fotos

- b) Funcionamento dunha cámara fotográfica. A lente e o seu uso, o histograma, enfoque e modos de programa.
- c) Como se utiliza a iluminación con luz do día ou flash
- d) Creación de fondos para a fotografía de produtos

- e) O encadre e bases de composición
- f) Cada alumno realizará as súas propias fotografías de pezas usando a súa propia cámara.

INSTRUMENTOS MUSICAIS

- a) Explicación e orixe do instrumento para realizar
- b) Coñecemento das distintas partes que o conforman
- c) Montaxe, ensamblado e encolado do mesmo
- d) Acabado tradicional con produtos naturais

TALLA DE MADEIRA

- ✓ Coñecemento das gubias como ferramenta principal e sistema de afiado das diferentes ferramentas
- ✓ Partindo dun apuntamento do mestre; execución, desbaste, perfilado, modelado e acabado dunha ou varias pezas
- ✓ Acabado tradicional das pezas

TORNARÍA: TORNEADO EN MADEIRA * Imprescindible un torno

- ✓ Coñecemento das madeiras básicas para tornaría
- ✓ Coñecemento das ferramentas de torneiro e usos
- ✓ Deseños das formas e maneiras de desbaste, acabado e pulido
- ✓ Desenvolvemento dunha peza

TECIDOS: TEAR DE ALTO LIZO * Imprescindible ter tear alto lizo

- ✓ Coñecemento deste tipo de tear montando unha urdidura que se entrelazará para poder tecer
- ✓ Faranse os tecidos aprendendo diversos puntos para facer unha peza de tea, tapiz, etc

TECIDOS: TEAR DE BAIXO LIZO

- ✓ Partes que conforman o tear
- ✓ Elaboración do proxecto da peza que se pretende tecer, a elección do docente
- ✓ Aprender a facer unha urdidura para despois levala ao tear
- ✓ Tecer a peza utilizando distintos puntos de tecido

OLARÍA: OLARÍA TRADICIONAL * Imprescindible forno e auga

- ✓ Coñecemento da olaría facendo unha breve introdución da súa implantación
- ✓ Coñecemento do barro da zona e o proceso de preparación do mesmo
- ✓ Aprendizaxe das técnicas de elaboración de pezas
- ✓ Prácticas de decoración e acabado das pezas
- ✓ Cocción das pezas, se é posible en forno tradicional
- ✓ Presentación das pezas rematadas (sacar as pezas do forno e valorar o resultado)

CANTARÍA

- ✓ Coñecemento e manexo de distintos tipos de ferramentas.
- ✓ Ferramentas mecánicas (amoladoras, punteiros ..).
- ✓ Confección de modelos con distintos materiais e realizar debuxos a distintas escalas
- ✓ Trazado sobre a pedra

ENCADERNACIÓN

- ✓ Encadernación de libros
- ✓ Confección e costura desde as follas en branco
- ✓ Libros con estrutura de pasta para decoracións contemporáneas
- ✓ Tapas rixidas de madeira gravada

- ✓ Álbums de fotos

PINTURAS E REVESTIMENTOS DECORATIVOS

- ✓ Utilizaranse diferentes técnicas: “decoupage”, estarcido, pan de ouro ou prata, pátinas.
- ✓ Observando os diferentes efectos decorativos sobre obxectos de madeira e cristal; pode ser desde un marco de fotos, un espello, unha caixa de madeira ou un pequeno moble ata un tarro ou unha botella de cristal. O obxecto para decorar traerá o alumno..

Decoupage: Transferencia de imaxes sobre madeira ou vidro, con acabado envellecido

Estarcido (Stencil) sobre madeira con diferentes modelos xa creadas ou que nós mesmos crearemos.

PAPEL: PAPEL ARTESANAL

- ✓ Fabricación de papel artesanal partindo de diversas fibras vexetais como algodón, liño, gampi,..
- ✓ Diferentes técnicas para conseguir papeis de uso para caligrafía, gravado, impresión
- ✓ Papeis artísticos

ESCENOGRAFÍA: ESCENOGRAFÍAS E ATREZOS EN POREXPÁN, CARTÓN PEDRA E REFUGALLOS

- ✓ Sinxelas técnicas decorativas utilizando o porixpán como elemento principal para construír algún obxecto artístico
- ✓ Desde compañías de teatro que queiran facer os seus propios decorados, a comerciantes que pretendan darlle un toque especial ó seu establecemento, asociacións que traballen en torno á recreación histórica e busquen ou ambientación ideal.

XOGUETES: MONICREQUES

- ✓ Elaboración de monicreques e pequenos bonecos utilizando material de refugallo,
- ✓ Indicacións e preelaboración dun monicreque ambulante

DEMOSTRACIÓNS

A listaxe de disciplinas de demostracións que se poderán solicitar é a que *seguir se indica*:

- ✓ Coiro
- ✓ Olaría
- ✓ Cestaría
- ✓ Cantaría
- ✓ Forxa
- ✓ Talla de madeira
- ✓ Torno
- ✓ Tear
- ✓ Creación de espectáculos de monicreques

4.- DURACIÓN E IMPORTES POR CURSO E DEMOSTRACIÓN

En base aos datos fornecidos no desenvolvemento de cursos e demostracións dentro das planificacións anuais da actividade do Centrad, tanto no relativo aos importes satisfeitos como na duración de cursos e demostracións, e para os efectos da execución e desenvolvemento do presente programa, establécense os seguintes criterios:

DURACIÓN:

A duración total de cada un dos cursos será de 25 horas.

A duración total de cada demostración será de 4 horas.

IMPORTES:

O importe establecido para o custo do respectivo artesán/á de cada CURSO para os efectos da presente convocatoria será de: 700,00€

O importe establecido para o custo do respectivo artesán/á de cada DEMOSTRACIÓN para os efectos da presente convocatoria será de: 300,00 €

5.- CONDICIÓN

A Deputación de Lugo comprométese a aboar a porcentaxe do 100 % dos custos **derivados exclusivamente do artesan/artesá que desenvolva cada un dos cursos/demostracións desenvoltas** e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da acción, aínda no caso de que puidese haber algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade/concello solicitante da acción.

Se por calquera causa imputable, -ben ao solicitante, ben ao artesan/a-, o curso ou demostración non se puidese desenvolver na súa totalidade, o custo final será proporcional ás horas efectivamente desenvoltas.

Igualmente correspóndelle á Deputación solucionar canto inconveniente puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.

Será competencia da Deputación de Lugo distribuír a programación das accións, tomando como base as datas reflectidas nas solicitudes formuladas, pero de acordo coas circunstancias derivadas do deseño e tramitación da convocatoria.

Tanto artesan/s e artesan/s que soliciten participar no programa como entidades e concellos solicitantes da acción a desenvolver, deberán comprometerse a procurar a visualización do apoio do Centrad na execución da actividade.

Con ese obxectivo, os artesan/s/as solicitantes asumen o compromiso de portar algún elemento na súa indumentaria de traballo durante a realización da demostración e/ou curso no que figure o logo do Centrad-Área de Cultura e Turismo. O referido elemento fornecerao o Centro de Artesanía e Deseño.

6.- CONCELLOS OU ENTIDADES SOLICITANTES DA ACCIÓN

Con carácter xeral, dentro da presente convocatoria, os solicitantes só poderán optar a e solicitar como máximo 2 accións (dúas).

Cada petición deberá realizarse na súa correspondente solicitude individual, achegando respectivamente a documentación reflectida nesta convocatoria.

O citado número máximo de solicitudes (dúas accións) poderán incluír calquera das actividades (curso/demostración) reflectidas nesta convocatoria.

Con carácter específico, no caso das demostracións, determínase que -nas condicións establecidas no Punto 1 da presente convocatoria-, e para os efectos de aplicación do número máximo establecido (2 accións), deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Máximo dúas (2) solicitudes de demostracións por solicitante, que poderán corresponder a 1 ou 2 eventos, feiras ou festas distintas.

b) Dentro dun mesmo evento, feira ou festa, só se poderá solicitar como máximo 1 (unha) demostración por xornada.

OBRIGAS

a) Organizar as accións velando polo seu correcto desenvolvemento.

b) Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.

c) Contar co seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros correspondente para o curso ou demostración solicitado.

Facer publicidade e distribuír os carteis anunciadores de que a acción pertence ao Programa de Promoción da Artesanía 2017 onde aparecerá o logo da Deputación de Lugo. En toda a publicidade que se faga do evento deberá aparecer o logo do Centrad-Área de Cultura da Deputación de Lugo (cuñas radiofónicas, anuncios prensa, cartelería...).

d) Esta poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da devandita publicidade.

e) Non se poderá facer ningunha modificación na acción (data/hora ou artesan/artesá asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xorde calquera tipo de inconveniente deberán poñerse en contacto coa área de Cultura a través do Centrad

FAX: 982 219 014

E-MAIL: formacion.centrad@deputacionlugo.org

TELÉFONO: 982 21 00 66

f) Achegar a documentación reflectida nesta convocatoria e calquera outra que se lles solicite para a acreditación das circunstancias da solicitude e realización da actividade.

g) En ningún caso os beneficiarios das accións poderán elixir o artesan/artesá.

h) O curso ou demostración deberá desenvolverse en local público. O local previsto deberá indicarse expresamente na respectiva solicitude.

O Centrad e a Deputación de Lugo quedan eximidas de calquera responsabilidade derivada da celebración e desenvolvemento do curso ou demostración acollida ao presente programa.

A entidade ou concello solicitante, ao se adherir a este programa, autoriza á Deputación a publicar os datos relativos ao curso ou demostración, co fin de difundilos a través da páxina web co mesmo fin.

A Área de Cultura a través do Centrad resérvase o dereito de anular ou cancelar a participación no programa da entidade ou concello solicitante de se constatar o incumprimento dalgunha das condicións establecidas nas presentes bases.

Á hora de realizaren as solicitudes, tanto concellos como asociacións sen ánimo de lucro deberán ter en conta as necesidades e características do local ou espazo nos que prevén desenvolver a acción, tipoloxía do curso ou demostración e tipoloxía dos participantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida requirirase á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se non o fixer, considerase desistida da súa petición, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.- MODELOS DE SOLICITUDES E PRAZOS DE PRESENTACIÓN PARA CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Prazo de presentación de solicitudes para concellos e entidades solicitantes: 15 días naturais desde a publicación no BOP da presente convocatoria en calquera dos rexistros autorizados.

Todas aquelas solicitudes que sexan rexistradas despois da data serán desestimadas por atoparse fóra de prazo.

- a) **ANEXO I: SOLICITUDE DE CURSO** Presentar a solicitude, debidamente cumprimentada, na que deberá figurar obrigatoriamente un enderezo de correo electrónico no que se comunicará se se concede a acción. Calquera comunicación entre o CENTRAD e os participantes farase prioritariamente por correo electrónico.
- b) **ANEXO II: SOLICITUDE DE DEMOSTRACIÓN** Presentar a solicitude, debidamente cumprimentada, na que deberá figurar obrigatoriamente un enderezo de correo electrónico no que se comunicará se se concede a acción. Calquera comunicación entre a Deputación e os participantes farase prioritariamente por correo electrónico.
- c) **ANEXO II-A: DECLARACIÓN DE SER ORGANIZADOR OU CO-ORGANIZADOR DA ACTIVIDADE**, a cubrir só en caso de solicitar unha demostración.
ANEXO III ACEPTACIÓN DA ACTIVIDADE. Unha vez comunicada a concesión da acción por parte da Deputación, os beneficiarios terán un prazo de 3 días para enviar a aceptación ou renuncia da acción. O prazo contará a partir do momento en que o solicitante reciba o correo electrónico de concesión de acción, podendo remitirse os referidos Anexos por correo electrónico,
- d) **ANEXO IV RENUNCIA DA ACTIVIDADE.** Unha vez comunicada a concesión da acción por parte da Deputación, os beneficiarios terán un prazo de 3 días para enviar á Deputación a renuncia da acción. O prazo contará a partir do momento en que o solicitante reciba o correo electrónico de concesión de acción, podendo remitirse os referidos Anexos por correo electrónico,
- e) **ANEXO V COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA CONVOCATORIA.**
- f) **ANEXO VI ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS** . Presentarase un orzamento estimado dos ingresos e gastos do curso/demostración que se vai celebrar.
- g) **ANEXO VII DECLARACIÓN XURADA DE SEGURO DE RESPONSABILIDAD CIVIL**
- h) **ANEXO VIII CERTIFICADO DE REALIZACIÓN DE CURSO/DEMOSTRACIÓN.** Unha vez rematada á acción os Concellos e entidades solicitantes deberán facer chegar declaración de remate de actividade no prazo de 10 días desde a celebración da mesma.
- i) **ANEXO IX AUTORIZACIÓN PARA RECIBIR A TRAVÉS DE CORREO ELECTRÓNICO COMUNICACIÓNS RELATIVAS AO PROGRAMA.**

As solicitudes deberanse formular seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, na sede do Centrad ou na súa páxina web (www.centrad.org)

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude co fin de acreditar os fins, características, lugar de celebración e aceptación por parte dos solicitantes dos compromisos inherentes á solicitude.

Deberá presentarse unha solicitude individual por cada curso ou demostración que se solicite.

A SOLICITUDE DEBERÁ IR ACOMPAÑADA DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI do alcalde/alcaldesa ou do presidente/a da entidade sen ánimo de lucro.

- No caso de entidades sen ánimo de lucro, copia dos estatutos nos que se acredite a cobertura da actuación solicitada dentro dos seus obxectivos e declaración responsable do compromiso de contar coa póliza do seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros de cobertura da actividade. Deberá achegarse unha copia do recibo de pagamento como mínimo con 2 días de antelación á data de realización da actividade prevista.

- Declaración responsábel de asunción por parte dos solicitantes das obrigas establecidas nestas bases e da asunción por parte do/da solicitante das responsabilidades con terceiros.

Seráde aplicación a lexislación vixente de cumprimento das obrigas das administracións públicas galegas de fomento e normalización do idioma galego, e nomeadamente a ordenanza de uso da lingua galega na Deputación de Lugo .

8.- ARTESÁNS/ARTESÁS PARTICIPANTES NO PROGRAMA

Poderán participar (previa solicitude de inclusión) os/as artesáns das distintas disciplinas incluídas nas presentes bases, que estean en posesión da correspondente carta de artesán/á, empadroados nalgún concello da provincia de Lugo e que cumpran todos os requisitos que figuran na presente convocatoria. A asignación de cursos e demostracións a cada artesán/á realizarase de acordo coas respectivas disciplinas e solicitudes formuladas por concellos e asociacións e de xeito alternativo, é dicir, por quenda sucesiva segundo a asignación inmediatamente anterior, en base ao seu posto na listaxe de artesáns/ás solicitantes de acordo coa data de presentación da respectiva solicitude de artesán /a.

OBRIGAS

- a) Realizar as accións nos lugares, días e horas asinados pola Deputación de Lugo.
- b) Expedir as respectivas facturas da acción realizada.
- c) Usar o idioma galego nas presentacións das accións.
- d) Os artesáns/artesás deberán contar, no seu caso, cos seguros de responsabilidade civil pertinentes para a realización das accións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa incluídas as situacións que se poidan producir non só durante a propia acción, senón tamén no desprazamento previo e posterior as accións por parte dos grupos participantes neste programa.
- e) Non se poderá facer ningunha modificación na acción, polo que se xurde calquera tipo de inconveniente deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura a través do Centrad
- f) En ningún caso os artesáns/artesás participantes no Programa elixen o lugar ou data da acción.

MODELOS DE SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

Prazo de presentación de solicitudes de inclusión na listaxe de artesáns/artesás participantes:15 días naturais desde a publicación no BOP da presente convocatoria en calquera dos rexistros autorizados.

ANEXOS RELATIVOS A ARTESÁNS/ÁS

- a. ANEXO X. A CUBRIR POLO ARTESÁN/Á SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA
- b. ANEXO XI. A CUBRIR POLO ARTESÁN/Á DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL IMPOSTAS POLAS DISPOSICIÓNS VIXENTES E DE NON SE ATOPAR INCURSOS NAS PROHIBICIÓNS DE CONTRATAR ÁS QUE SE REFIRE O ARTIGO 49 DA LCSP.
- c. ANEXO XII. AUTORIZACIÓN PARA RECIBIR A TRAVÉS DE CORREO ELECTRÓNICO COMUNICACIÓNS RELATIVAS AO PROGRAMA

Acompañados da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF/CIF.
- b) Certificado de empadramento nalgún dos Concellos da provincia de Lugo no ano 2017.
- c) Documento emitido pola entidade bancaria do número de conta
- d) Copia da respectiva carta de cada artesán/artesá da disciplina ou disciplinas para as que presenta solicitude de participación.
- e) Copia de certificado de estar de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas.

9. ORZAMENTO

A contía consignada para o programa Promoción da Artesanía para a anualidade 2017 é de 35.000,00 mil euros (35.000,00 €), dividida nas seguintes liñas.

- a) Liña A) Cursos: 22.000,00 € (vinte e dous mil euros)
- a) Liña B) Demostracións: 13.000,00 € (trece mil euros)

10.- RENUNCIAS

De producirse a renuncia por parte da asociación ou concello solicitante do curso ou demostración solicitada, unha vez asignado o respectivo artesán/á e aceptada expresamente a acción concedida, procederase á anulación inmediata de tal acción, con comunicación a este último de tal circunstancia, sen que en ningún caso proceda o pagamento previsto nestas bases, nin en ningún caso a substitución por outra acción.

O artesán/a afectado pasará a optar de xeito automático á seguinte asignación de acordo co seu posto na listaxe de artesáns/artesás participantes.

Tal renuncia, de non producirse por causas de forza maior, implicará como penalización a prohibición expresa do solicitante de acceder a outro curso o demostración dentro da anualidade 2017 e no seu caso, da anualidade 2018.

De producirse a renuncia por parte do artesán/á unha vez asignado ao respectivo curso ou demostración, procederase á anulación inmediata da acción solicitada de que se trate, con comunicación á asociación ou concello solicitante de tal circunstancia, sen que proceda, por tanto, o pagamento previsto nestas bases nin en ningún caso a substitución por outra acción.

Tal renuncia, de non producirse por causas de forza maior, implicará como penalización, o paso do artesán/artesá ao último posto da listaxe de artesáns/artesás participantes

Lugo, 5 de maio de 2017.- O Presidente, Darío Campos Conde. O secretario xeral, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

ANEXO I

INSTANCIA DE SOLICITUDE DE CURSO DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017

D./D^a _____DNI N^o _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____

_____, teléfono

de contacto (fijo)_____ móbil _____ e correo electrónico

_____, na condición de _____do concello/asociación

SOLICITO:

CURSO

(Indicar as disciplinas artesanais de preferencia. Máximo 4)

1.

2.

3.

4.

(Facer constar a previsible data/s da acción solicitada):_____

Non se poderá modificar a data e lugar do curso/demostración asignada sen a autorización expresa do Centrad.

En a de 20.....

(sinatura)

ANEXO II**INSTANCIA DE SOLICITUDE DE DEMOSTRACION DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**D./D^a _____

DNI Nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____

_____, teléfono de contacto
(fixo) _____ móbil _____ e correo electrónico _____, na condición
de _____ do concello/asociación _____

SOLICITO:

DEMOSTRACIÓN ☐

(Indicar as disciplinas artesanais de preferencia. Máximo 4)

1.

2.

3.

4.

(Facer constar a previsible data/s da acción solicitada): _____

Non se poderá modificar a data e lugar do curso/demostración asignada sen a autorización expresa do Centrad.

En a de 20.....

(sinatura)

ANEXO II.A**(Cubrir só en caso de solicitar unha demostración)****DECLARACIÓN DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE**

Don/ Dona _____, con
DNI nº _____ como presidente ou representante da Asociación / Concello _____

DECLARO

Que a Asociación ou Concello que represento é o organizador ou coorganizador do evento (nome
do evento ou celebración asociado á demostración) _____, a
celebrar en
_____, o día/días _____ de _____ de 2017.

_____, a ____ de _____ de 2017

O Alcalde- Presidente/a

O/A Presidente

ANEXO III**ACEPTACIÓN DE ACCIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**

D./ D^a _____, con DNI nº _____
como Alcalde/Alcaldesa do Concello / Presidente/a da Asociación de _____

ACEPTO :

A CONCESIÓN DO CURSO/ DEMOSTRACIÓN (táchese o que non proceda) do Centrad/ Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo para a/as data/s _____, na localidade de _____, pertencente ó Concello de _____ e dentro do Programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017.

En, _____ a _____ de _____ de 20__

(Sinatura)

O Alcalde/Alcaldesa

O Presidente/a

ANEXO IV**RENUNCIA Á ACCIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**

D./ D^a _____, con DNI nº _____

como Alcalde/Alcaldesa do Concello / Presidente/a da Asociación de _____

RENUNCIO:

Á CONCESIÓN DO CURSO/ DEMOSTRACIÓN (táchese o que non proceda) do Centrad/ Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo para a/as data/s _____, na

localidade de _____, pertencente ó Concello de _____ dentro

do Programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017.

En, _____ a _____ de _____ de 20__

(Sinatura)

ANEXO V
COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DE OBRIGAS

D./D^a _____ con
DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____
no Concello de _____ con teléfono de contacto _____
e correo electrónico _____, na condición de
representante (nome da Asociación ou Concello)

FAGO CONSTAR:

Que acepta e asume expresamente todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria.

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 20__

Asdo:

(Sinatura)

ANEXO VI
PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PARA A CELEBRACIÓN DA ACCIÓN

INGRESOS	GASTOS
• • • •	• • • •
TOTAL INGRESOS:	TOTAL GASTOS:

En _____, a ____ de _____ de 201_____

O Alcalde – Alcaldesa

O/A Presidente

Asdo:

ANEXO VII**DECLARACIÓN XURADA PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**

Don/ Dona, con DNI nº como representante da Asociación / Concello con CIF,

DECLARA que conta cos seguros e/ ou asume a contratación do seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros correspondente para a súa participación no programa **PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017** mediante o desenvolvemento do curso demostración solicitado/a, asumindo, así mesmo, as responsabilidades derivadas do incumprimento de calquera das circunstancias vinculadas ao desenvolvemento e realización da actividade solicitada, segundo as bases do citado programa.

..... a de de 2017

O Alcalde – Alcaldesa

O/A Presidente

Asdo:

ANEXO VIII

**CERTIFICADO / DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REALIZACIÓN DE CURSO/ DEMOSTRACIÓN A CUBRIR
POLO BENEFICIARIO DA ACCIÓN**

Don/ Dona, con DNI nº como
representante da Asociación / Concello con CIF
..... ,

CERTIFICO/ DECLARO:

Que o Artesán/Artesá/ Empresa
desenvolveu de maneira satisfactoria a súa acción (indicar curso/ demostración e disciplina)
.....entro do programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017 na/s data/s.....
....., en horario de,
na localidade de pertencente ó Concello de
......

Que o curso/demostración se desenvolveu de xeito público e con carácter gratuíto.

En,..... a de de 20.....

(Sinatura)

ANEXO IX**AUTORIZACIÓN PARA RECIBIR A TRAVÉS DE CORREO ELECTRÓNICO COMUNICACIÓNS RELATIVAS AO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**

D./D^a _____, con DNI nº _____,
como Alcalde/Alcaldesa do Concello de _____

D./D^a _____, con DNI nº _____,
como presidente da Asociación de _____

Autorizo expresamente para recibir a través de correo electrónico que se indicaas comunicacións de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada e de calquera outra que motive a tramitación e resolución das solicitudes.

En, _____ a _____ de _____ de 20 _____

(Sinatura)

ANEXOS ARTESÁNS/ÁS**ANEXO X****INSTANCIA DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DENTRO DO PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**D./D^a

.....
DNI N° _____, con domicilio para os efectos de notificación en
....., teléfono de contacto (fijo)
.....móvil e correo electrónico
....., na condición de representante/interesado (táchese o que non
proceda)

SOLICITO:

A inclusión dentro do programa PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017 do:

a) Artesán individual (PERSONA FÍSICA) (Nome e NIF)_____

Indique nome e DNI do artesán/á que se propón e disciplina/s:

.....
.....

b) Empresa (PERSONA XURÍDICA) (Nome e CIF).....

Indique nome e DNI do artesán/á que se propón e disciplina:

.....
.....

En a de 20.....

(sinatura)

ANEXOS ARTESÁNS/ÁS

ANEXO XI

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a

.....DNI N°
....., con domicilio para os efectos de notificación en , teléfono de contacto (fijo..... móvile correo electrónico
.....,

☐ En nome propio

☐ En representación deCIF.....

Rúa/Praza.....N°.....

Poboación.....CP.....

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Que nin o asinante da declaración nin, no seu caso, a persoa física/xurídica á que represento, se atopan incursos nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 60 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

En a de 20.....

(sinatura)

ANEXOS ARTESÁNS ANEXO XII**AUTORIZACIÓN PARA RECIBIR A TRAVÉS DE CORREO ELECTRÓNICO COMUNICACIÓNS RELATIVAS AO
PROGRAMA PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2017**

D.....DNI Nº..... na
condición de representante/interesado (táchese o que non proceda)

Autorizo expresamente para recibir a través de correo electrónico que se indica
.....as comunicacións de ser o caso, de aviso do inicio do
prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada e de calquera outra que
motive a tramitación e resolución das solicitudes.

En, _____ a ____ de _____ de 20 _____

(Sinatura)

R. 1247

CONCELLOS**BARREIROS***Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 12 de abril de 2017, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 17 de abril ata o 17 de maio de 2017.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 12 de abril de 2017.- O alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga

R. 1211

CHANTADA*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de 28/04/2017, aprobaronse as bases da convocatoria de selección de persoal laboral do “Programa Depuemprego”, dentro do Convenio de colaboración coa Deputación provincial de Lugo, que se transcriben a continuación:

“BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CONTRATACIÓN POR UN PERÍODO DE 5 MESES, DENDE O 01 DE XUÑO Ó 31 DE OUTUBRO DE 2017 A 1 PEÓN ESPECIALISTA PARA PISÓN 1 PEÓN PARA GRAVILLAR E UN PEÓN PARA RIEGO ASFALTICO 1 PALISTA, 1 ALBAÑIL E 1 CONDUCTOR PARA CAMIÓN E 1 CONDUCTOR PARA CAMIÓN CON CUBA.

BASES XERAIS**PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de edictos de Edictos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: www.concellodechantada.org.

Estas Bases son Xerais, polo cal acudirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases Específicas.

SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réximen local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réximen de retribucións dos